

# Galicia Encantada



ANIVERSARIO  
2005 \* 2025  
Enciclopedia de Fantasia Popular de Galicia

## Augas

### CATEGORÍAS RELACIONADAS

#### *O tesouro da Fonte Branca*

En Mazaeda de Neiro, A Fonsagrada (Lugo), hai unha finca na que se encontraron cousas coma restos de espadas dos castrexos que ali vivían nunha finca da casa do Rabeno chamada a Rebordela.

O caso é que a xente lembra unha fonte branca na que din que se encontraba un tesouro. Hai cousa de dous anos remexendo entre pedras e lousas atopamos os restos daquela suposta fonte que agora é cor cinsa abrancazada e... ¿estará por alí o tesouro dos nosos devanceiros, os castrexos?

[Texto remitido por David Otero Fernández, A Fonsagrada, Lugo]